

PLAN DE TRABAJO PARA O BENESTAR E A PROTECCIÓN DO ALUMNADO

CPI Ponte Carreira Curso 2023-2024

O presente plan de traballo foi elaborado pola persoa coordinadora designada pola dirección do centro Dna Laurence Comte en coordinación coa orientadora/xefe de estudos Dna Noelia Sanchez Castro e presentase así :

- a) Introducción,
- b) Análise do contexto,
- c) Obxectivos
- d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

a) **Introdución**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, establece no seu artigo 124.5 que as administracións educativas regularán os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou a coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade.

A Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, dedica o capítulo IV do título III ao ámbito educativo. No artigo 35.1 refírese á obrigatoriedade de que todos os centros educativos onde cursen estudos persoas menores de idade, independentemente da súa titularidade, deben ter unha coordinadora ou un coordinador de benestar e protección do alumnado, que actuará baixo a supervisión da persoa que exerza a dirección ou a titularidade do centro. Así mesmo, no artigo 35.2 sinala que as administracións educativas competentes determinarán os requisitos

e funcións que debe desempeñar a coordinadora ou o coordinador de benestar e protección. En Galicia, ditas funcións aparecen recollidas na Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes:

En coordinación co equipo directivo:

- Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.
- Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción tutorial de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.
- Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.
- Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.
- Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.
- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e tutores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.
- Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.
- Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

En coordinación co departamento de orientación:

- Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
- Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
- Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
- Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
- Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.

En coordinación coas asociación de nais e pais:

- Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

Ademais, dita orde establece que as funcións anteriormente mencionadas se reflexarán nun plan de traballo que formará parte do Plan de Convivencia do centro e, que a súa vez concretaranse anualmente na Programación Xeral Anual.

b) *Análise do contexto*

O contexto para o que se elabora o presente plan de traballo é a comunidade educativa do CPI de Ponte Carreira, situado no concello de Frades, único centro educativo do municipio. Frades conta con 2300 habitantes aproximadamente e está situado no medio rural, próximo a cidades como Santiago de Compostela ou A Coruña.

O centro conta no presente curso cun total de 145 alumno/as matriculados nas etapas de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO. O claustro está composto por 27 docentes, a maioría con destino definitivo no centro.

En canto ás infraestruturas, o centro conta cun edificio para Infantil e Primaria e outro para ESO. Ademais, contamos con espazos comúns como o comedor, o pavillón, ou o salón de actos.

Unha vez realizada a análise da situación do centro en materia de convivencia escolar, a través da observación e doutras ferramentas, destacamos a baixa incidencia de situacións conflitivas, aínda que as condutas disruptivas na aula son bastantes regulares.

A nivel social, esíxesenos á escola unha resposta apropiada que garanta a creación dun clima emocional posibilitador de acollida de todas as pluralidades: un espazo aberto, sen prexuízos onde sempre se poida volver (escola inclusiva).

Dado que neste centro un dos puntos fortes é a boa relación entre profesorado e alumnado, é de pensar que neste camiño poidamos conseguir logros importantes que se traducirán en situacións de “bo entendemento”, empatía, para artellar actuacións encamiñadas a mellorar o noso día a día. Todo isto, contando coa colaboración das familias.

c) Obxectivos

Están divididos nos cinco eixes que propoñe a guía do Ministerio de Educación e Formación Profesional titulada “coordinador/a de bienestar y protección de la comunidad escolar” e completado co documento da UNICEF “Protección de la infancia en el entorno escolar”(octubre2021).

- Planificación
- Prevención
- Formación
- Detección
- Intervención

Planificación e coordinación de todas as accións encamiñadas a garantir protección de nenas /os e adolescentes desde a contorna escolar.

FUNCIONES	ACCIONES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES
<p>Coordinar coa dirección do centro educativo o plan de convivencia ao que se refire o artigo 3 da LOPIVI</p> <p>Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección, dificultades de convivencia e de relación.</p>	<p>Desenvolver ao longo das dúas reunións semanais medidas/propostas para implementar as disposicións do artigo 3 da LOPIVI.</p>	<p>Xefe de estudos /CBE/Equipo directivo</p>	<p>Todo o curso</p>	<p>Nivel de coordinación Número de propostas</p>
<p>Fomentar que o centro educativo leve a cabo unha alimentación saudable e nutritiva que permita aos nenos, nenas e adolescentes, en especial aos máis vulnerables, levar unha dieta equilibrada.</p>	<p>Determinar con diferentes actores responsables do comedor escolar/profesores accións de sensibilización a unha dieta saudable.</p>	<p>Orientadora / CBE/ Profesores das diferentes áreas</p>	<p>Segundo e terceiro trimestre</p>	<p>Nivel de participación do profesorado. Valoración positiva da información facilitada. Grao de participación dos alumnos/as nas actividades propostas.</p>

	<ul style="list-style-type: none"> - 7/04 Día da saúde - 2/05 Día internacional contra o acoso escolar - 17/05 Día das Letras Galegas - Torneo inter-centros - Conta contos realizados polos/as alumnos/as do Club de lectura da ESO para os/as alumnos/as de infantil e primaria. <p>Creación dun espazo “Benestar e convivencia” onde colgar información relativa ao benestar emocional no ambiente educativo, a prevención do acoso escolar, a prevención da violencia de xénero ... onde organizar actividades (manualidades)</p> <p>Proxecto lector diario con propostas de lecturas</p> <p>Dar a coñecer e propoñer ás familias vía a ANPA charlas sobre estas temáticas.</p>	<p>CBE e outros departamentos</p> <p>Responsable da biblioteca / CBE</p> <p>Orientadora /CBE</p>	<p>Primeiro trimestre</p> <p>Todo o curso</p> <p>Todo o curso</p>	<p>Grado de participación e de satisfacción do alumnado</p> <p>Enquisa para as familias. Número de charlas /actividades realizadas</p>
<p>Fomentar o respecto aos alumnos e alumnas con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.</p>	<p>3/12 Día das persoas con discapacidade. Organizarase nestas datas unha actividade para todo o alumnado en conxunto cunha asociación traballando neste sector.</p>	<p>Orientadora /CBE</p>	<p>Todo o curso</p>	<p>Grado de satisfacción</p>

Formación sobre prevención, detección e protección dos nenos/as e adolescentes dirixida tanto ao persoal como ao propio alumnado

FUNCIONES	ACCIONES	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES
<p>Promover plans de formación sobre prevención, detección precoz, protección dos nenos, nenas e adolescentes, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como tutores e titoras e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.</p>	<p>Difundir no centro as propostas de formación do profesorado sobre esta temática.</p>	<p>Orientadora</p>	<p>Todo o curso</p>	<p>Enquisa sobre o grado de participación do profesorado en formación sobre esta temática.</p>
	<p>Formar ao alumnado para ser capaces de detectar e responder a situacións de violencia. Organizaranse talleres con interventores externos ao longo do curso.</p>	<p>Orientadora / CBE</p>	<p>Todo o curso</p>	<p>Nivel de coordinación entre orientación/ tutores/ xefatura de estudos e outros profesionais.</p>
	<p>Trasladar a ANPA propostas de formación relacionada con estas temáticas.</p>	<p>Xefatura de estudos/ Orientadora</p>	<p>Todo o curso</p>	<p>Enquisa sobre grado de participación e satisfacción</p>
	<p>Informar ás familias a través da WEB do colexio das campañas e actividades ofertadas na zona o polo concello relacionadas co fomento do benestar e a protección do alumnado.</p>	<p>Xefatura de estudos</p>	<p>Todo o curso</p>	<p>Número de actividades ofertadas.</p>

<p>Informar o persoal do centro sobre os protocolos en materia de prevención e protección de calquera forma de violencia existentes na súa localidade ou comunidade autónoma.</p>	<p>Indicar nunha zona habilitada da sala de profesores información sobre los diferentes protocolos e a dirección web onde se poden atopar.</p> <p>Elaborar infografía recapitulando protocolos vixentes sobre esta temática:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso. - Protocolo de identidade de xénero - Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil. - Guía de actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo. - Protocolo de protección de datos. 	<p>Xefatura de estudos</p> <p>Xefatura de estudos / orientación</p>	<p>Primeiro trimestre</p> <p>Primeiro trimestre</p>	<p>Grao de satisfacción coa medida adoptada</p> <p>Grao de satisfacción coa medida adoptada</p>
--	--	--	--	--

Detección

FUNCIONES	ACCIÓNS	RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN	INDICADORES
<p>Identificarse ante os alumnos e alumnas, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como referente principal para as comunicacións relacionadas con posibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.</p>	<p>Organizar unha presentación nunha titoría desta nova figura.</p>	<p>Orientación /CBE</p>	<p>Primeiro trimestre</p>	<p>Actividade realizada na titoría.</p>
<p>Promover, naquelas situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.</p>	<p>Colaborar co equipo directivo no traslado da información a organismos externos</p>	<p>Equipo directivo/ Todo o profesorado</p>	<p>Todo o curso</p>	<p>Número intervencións realizadas.</p>
<p>Promover, naquelas situacións que poidan implicar un tratamento ilícito de datos de carácter persoal das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás Axencias de Protección de Datos.</p>	<p>Colaborar co equipo directivo no traslado da información a organismos externos</p>	<p>Equipo directivo/ Todo o profesorado</p>	<p>Todo o curso</p>	<p>Número intervencións realizadas.</p>

a) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión

A difusión do plan realizarase a través da páxina web do centro.

Ao longo de cada curso farase un seguimento para avaliar o proceso de implantación do plan así como o resultado das accións a desenvolver e as incidencias que poidan producirse para introducir as modificacións que se consideren necesarias. Ademais, ao finalizar o curso avaliarase o logro dos obxectivos a través dos indicadores descritos no apartado anterior. Todo isto reflexarase nunha memoria anual que recollerá as actividades realizadas, o grao de logro de obxectivos e as propostas de mellora.